

VACACIOS EN GALICIA

Está de moda a nosa terra?

num obxectivo ergo abusado que conste. oito dous vaise no disq. cun obxectivo
-algas unha nómada e apertor suu desabrochado. moitos
que se ollan ondequer da nosa terra. Unha manchea de vehículos madrile-
ños, asturianos, vascos e catalás burligan desnorteados no centro das ci-
dades en percurso de aparcamentos. Taxis negros-marelos da cida condal é
doado atopalos nas mais lonxanas aldeas.

Fálase arreo do turismo que sendeborcadela Galicia e a Televisión
dice que a nosa terra está de moda.

Iste ano xubilar, tras unha campaña relixióso-recreativa, que alenta, con tarifas engaioladoras dos medios de transporte, a visitar Sant-Iago e as Rias Baixas, hai mais forasteiros que nunca... Pero, ollo con trabucar a realidade! A maior parte dos coches centroeuropeos non son peregrinos! Os procedentes do norte de España e Cataluña ou Madri

tampouco! E os taxis de Barcelona e a capitalinda moito menos! Quizaves o oitenta por cento dos presuntos forasteiros non arden na arela relixiosa medieval de debruzarse diante do Apóstolo.

A fogueira que queima os seus corazóns é moi outra: O anejo de apertar os pais. De sentir bater o corazón dun filliño ou da dona tras xanos de ausencia, o degaro de voltar ós tiempos que só viron nacer e medrar.

Porque coñeo o problema, non atopéi entrábilicado ver na feira de Escairón ducias de matrículas de países estranxeiros e de cidades industriais da España. Non atopéi desencañiñado ver taxis barceloneses aparcados diante dunha casa labrega, nem ver flamantes "carros" venezolanos ateigados de mulleres enloitadas e paisanos queimados do traballo,

fonchos, no "siga" dos irmáns que tornaron daímais de Saudade a unha Terra falta de pan e de xusticia social. Iey, estou en exilio, fui exiliado

A realidade circundante está clara. Ab Galicia quereselle dar unha dinámica que non acadou ainda. A propaganda oficial argaliou fa-

AÑO 1933 - 2013 AV

2

cer do noso país un paraíso turístico. Estano despoboanda pra convertilo nun parque nacional de caza maior, nun acotado de troitas e salmós, nun complejo de deportes náuticos deportivo mas augardante no porto con oito espazo a abranguer os deportes náuticos nos embalses e nas rías. Hoteles, paradores de Turismo, marisco, viaxes programados, indulxencias plenarias, xantares feudales, queimadas, lacobs....xermolan en mil eslogans.

Por eso non é nengún achádego que "El Progreso" de Lugo publique istes días, en relación co censo anterior, que a capital lucense recubiu de setenta a sesenta e tres mil habitantes. Non minte o bispo de Mondoñedo Dr. Arauxo cando ergue a sua voz pidindo xusticia polo país que tén un millón de homes no exterior, nem escribe desaxeitadamente Moure Maríño cando clama por unha gran siderurxia e un Iberporto en Arousa, xigante badía natural con mais capacidá que todos os portos españoles xuntos, nem están desorbitados os milleiros de artigos que viron a luz na prensa rexional esixindo as vias de penetración e as industrias básicas.

MODERNAS FORMAS FEUDALES: O CACIQUISMO E CLAN
Desgraciadamente o caciquismo soterrano chucha a nosa terra e privan as estreituras choidas dos intreses marisqueiros subdesenrolados (cen millóns?) diante dun complexo industrial con refinería e siderurxia que podía crear vinte mil postos de traballo, mássime nunha rexión que esporta por Vigo e A Cruña verdeiras montañas de mineral que logo mercamos manufaturado en nacións alleas. I esa siderurxia vitalvaisé pra Sagunto onde non teñen auga, nem calado, nem porto case e a sociedade a Arousa nunhas rúas instalacións e unhas terreos que revalorizaranse en beneficio dun clan. Os solares graníticos de Arousa gañados ó mar, serían prácticamente un regalo, ademais a ría tén os calados millores de Europa e as augas do furturo Ulla poden abastar económico unha planta industrial a gran escala internacional.

Tamén levaron o Iberporto a Bilbao onde hai que facer unha insua artificial, que sirva de rompeolas, valorada en miles de millóns, esquecendo que a natureza puxo na entrada da xigantesca badía de Vilagarcía a pérola arosna.

E as minas de Pontenova pecharon, feiños, dempués de abondosa producción

pra non enlodar o río Miñi Eo, eldorado das troitas, morrendo un emporio de riqueza, con ferrocarril propio, que transportaba o mineral ó embarcadero de Ribadeo: Oxe vemos anulado canto había feito, en beneficio da provincia veciña, onde Ensidesa e Uninsa crearon miles de postos de traballo.

Polò dito, non hai que se estrafiar do caso ^{arrepiante que ouvir} que viviu en Vigo: Trátase dun matrimonio, que tras longos anos de sacrificios nun país estranxeiro, mercou un piso na ciudá da Oliva. Il traballaba oxe cun prestamista, mañá de reparto cun camión, sen atopar emprego fixo apesar de ser operario soldador - unha empresa daquela ciudá ^{jarda} ten a morea de trinta mil solicitudes de traballo - & tiveron que voltar ó estranxeiro, deixando dous meniños ó cargo dos pais na aldea; ^{que} os suizos non queren vellos nen cativos e sói pagan homes-hora-máquina.

— A coitada muller oxe está ^{internada} afcorrollada nun sanatorio siquiatra. As suas febles forzas non aturaron a depresiva cusesión e os insomnios da tolleita quentura maternal.